

REDE DE CIDADES – COMPROMISO DEMOCRÁTICO & PARTICIPACIÓN CÍVICA

TÍTULO	Voces europeas retando o euroescepticismo
PROMOTOR	Concello de Rois
PROGRAMA	Europa para a cidadanía

PARTENARIADO E PARTICIPANTES POR EVENTO

ENTIDADES	PAÍSES	PARTICIPANTES
BETTER ORGANIZATION	AUSTRIA	2
ASTURIA	BÉLXICA	2
MUNICIPALITY OF NIKOPOL	BULGARIA	2
MUNICIPALITY OF KLANJEC	CROACIA	2
MUNICIPALITY OF ATHIENOU	CHIPRE	2
SLOW FOOD PRAGUE	REPÚBLICA CHECA	2
KOGE HANDELSSKOLE	DINAMARCA	2
MUNICIPALITY OF LAANERANNA	ESTONIA	2
FINLANDIA	FINLANDIA	2
MOUVEMENT EUROPEEN BORDEUX	FRANCIA	2
GEB NGO	ALEMANIA	2
MUNICIPALITY OF PILEA - HORTIATIS	GRECIA	2
MUNICIPALITY OF ERDOKURT	HUNGRÍA	2
MUNICIPALITY OF FINGLAS YOUTH CENTRE	IRLANDA	2
MUNICIPALITY OF CASTELMOLA	ITALIA	2
MUNICIPALITY OF RUNDALE	LETONIA	2
MUNICIPALITY OF UKMERGE	LITUANIA	2
FEDERACIÓN ESPAÑOLES LUXEMBURGO	LUXEMBURGO	2
SOUTHERN REGIONAL COUNCIL	MALTA	2
DIGGOUT ASSOCIATION	PAÍSES BAIXOS	2
MUNICIPALITY OF WIELISZEW	POLONIA	2
JUNTA DE FREGUESIA ALQUEIDAO	PORTUGAL	2
MUNICIPALITY OF CORBI	ROMANÍA	2
MUNICIPALITY OF MALE DVORNIKY	ESLOVAQUIA	2
DUGS NGO	ESLOVENIA	2
MUNICIPALITY OF HANINGE	SUECIA	2

ENCONTROS PREVISTOS

LUGAR	INICIO	REMATE	TEMA
ROIS-ESPAÑA	2 novembro	5 novembro	Introdución e pacto de irmandamento
LA VALLETTA-MALTA	14 febreiro	17 febreiro	Migracións
BUDAPEST-HUNGRÍA	19 abril	22 abril	Auxe do euroescepticismo
TESALÓNICA-GRECIA	23 maio	26 maio	Crise económica e berce da democracia

RESUMO DO PROXECTO

VOCES EUROPEAS RETANDO O EUROESCEPTICISMO é un proxecto promovido polo Concello de Rois e que é financiado polo programa europeo “Europe for Citizens” (Europa para a cidadanía). As actividades enmárcanse dentro da acción 2.2, titulada “Rede de cidades” e a proposta foi unha das 40 seleccionadas entre preto de 400 proxectos presentados á Comisión Europea. Desde o inicio do programa, só se aprobaron 7 proxectos en España, sendo 4 deles en Galicia (Concello de Curtis, Concello da Laracha, Concello de Rois e Concello de Vimianzo).

O proxecto articúlase ao redor de 4 encontros europeos que reunirán a entidades locais, rexionais, institucións educativas, así como asociacións e ONG’s dos 27 estados membros da Unión Europea. O primeiro encontro celebrarase en Rois entre o 2 e o 5 de novembro, servindo de tiro inicial para lanzar un programa de actividades ao redor da construción do futuro de Europa e a loita contra os populismos e a desinformación. Así, o proxecto, pretende poñer en valor o traballo levado a cabo pola Unión Europea nos últimos anos, destacando os principios fundacionais da mesma: a paz, a tolerancia, a solidariedade, as políticas sociais e de benestar, articuladas ao redor do respecto pola democracia e a participación cidadá. No encontro de Rois agárdase a participación dun total de 53 participantes estranxeiros, representantes das entidades participantes.

Ademais deste encontro en Rois, está previsto que ata o vindeiro mes de agosto de 2022, data na que finalizan as actividades, se desenvolvan outros tres eventos. Un en La Valletta (Malta), que vai estudar a crise migratoria que provoca euroescepticismo; outro en Budapest (Hungría), para escoitar voces discordantes nun dos países máis contrarios ás políticas da UE; e para rematar, celebrarase outro encontro en Tesalónica (Grecia), berce da democracia e o país que máis sufriu a intervención económica durante a pasada crise.

Na actividade que se celebrará en Rois, os actos rematarán coa sinatura dun pacto de irmandade entre representantes dos 27 países. Nel prometerán traballar pola comunión dos pobos, o traballo en aras da igualdade e a tolerancia e a implementación de futuras accións con veciños e veciñas dos seus municipios en programas europeos.

Está previsto que as persoas participantes desenvolvan un programa de actividades con faladoiros no que participen expertos en temáticas comunitarias, que se aborden as causas e as consecuencias do euroescepticismo e que se coñezan boas prácticas postas en marcha en Galicia con fondos comunitarios. As persoas asistentes tamén visitarán o Parlamento de Galicia e coñecerán os programas postos en marcha para achegar a cidadanía á institución democrática e favorecer a participación de grupos non asociados.

O proxecto xa ten confirmada a participación de 16 municipios europeos, o que demostra o grande interese polo proxecto por parte dos poderes locais.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Martes 2 de novembro (chegada a Santiago de Compostela)

Chegada e entrada no hotel das persoas participantes.

Cea de benvida acompañados/as por membros do goberno local e da sociedade civil.

Envío de notas de prensa aos medios de comunicación locais.

Mércores 3 de novembro (1º día de traballo en Santiago de Compostela)

Salón do Seminario Maior en San Martiño Pinarío

09,30 h. Presentación do proxecto "*European voices challenging euroscepticismo*" e do programa "*Europe for Citizens*" e benvida por parte de:

- **D. Ramón Tojo Lens**, alcalde de Rois
- **D. Jesús Gamallo**, director xeral de Relacións Exteriores e Unión Europea

09,45 h. Intervención "Causas e consecuencias do euroescepticismo"

- **D. Jesús Gamallo**, director xeral de Relacións Exteriores e Unión Europea

10,15 h. Conferencia: "Retos da Europa do século XXI". **M.ª Pilar Freire Esparís**, profesora de Historia Económica da Universidade de Santiago de Compostela

10,45 h. Pausa-café

11,15 h. Panel de relatores

- A solidariedade e a cooperación en tempos de crise (*pendente de confirmación*)
- Beneficios da UE a nivel local, rexional e nacional. **Eva Lorenzo**, subdirectora de relacións coa UE
- Preguntas sobre a UE? Servizos de asesoramento e información da Comisión Europea. EUROPE DIRECT A Coruña. **Cristina Villadóniga**, técnica en Asuntos Europeos
- A igualdade de xénero en Europa, co acento na mocidade. **Dna. Lucía Carballeira**, experta en Igualdade

Hospedería de San Martiño Pinarío

13,00 h. Xantar na Hospedería de San Martiño Pinarío

Santiago de Compostela

15.30 h. Visita guiada á zona antiga de Santiago de Compostela

20,00 h. Cea no Hotel Gelmírez

Xoves 4 de novembro (2º día de traballo e Santiago de Compostela e Rois)

Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela

09,30 h Recepción oficial no Pazo do Hórreo, Parlamento de Galicia

- Como potenciar a participación cidadá? A apertura do Parlamento de Galicia aos galegos e galegas
- A convivencia intercultural e os dereitos fundamentais dos cidadáns
- Visita sobre o coñecemento da institución democrática, historia da Comunidade Autónoma de Galicia

11,00 h Visitas culturais

- Museo das Peregrinacións (O Camiño de Santiago)
- Paseo polo Mercado de Abastos

Rois

13,30 h. Xantar no Pazo do Faramello no

15,00 h. Visita guiada ao Pazo do Faramello

16,00 h. Traslado a Rois

16,30 h. Recepción oficial na sede da multinacional - Aluminios Cortizo

18,00 h. Auditorio de Rois

18,30 h. Cerimonia de sinatura da firma do pacto de irmandamento entre as persoas representantes

19,30 h. Clausura do 1º Encontro por parte do presidente da Xunta de Galicia, **D. Alberto Núñez**

Feijoo

20.00 h. Aperitivos

21.00 h. Cea no restaurante Fogar do Selmo, en Rois, e regreso a Santiago de Compostela

Venres 5 de novembro (partida das delegacións)

Regreso das persoas participantes aos seus lugares de orixe

Avaliación do primeiro evento, actualización de redes sociais e preparación do seguinte evento que vai ter lugar en La Valletta, Malta.